



# ELECTROLÍRICA



Contratación: +34 686148512  
electrolirica@gmail.com  
[www.electrolirica.eu](http://www.electrolirica.eu)

Contratación: +34 686148512  
electrolirica@gmail.com  
www.electrolirica.eu



Un espectáculo de poesía, música e videocreaciones

## Intérpretes:

Electrolírica é un proxecto que une á compositora e técnico de son "Morqui" co poeta e actor "Xan Solo".

## Presentación:

A imaxe, a palabra e o son, elementos máis primarios da comunicación. Sobre este eixe traballa Electrolírica, creando melodías envolventes e case cinematográficas, utilizando evocadoras imaxes e texturas e experimentando en novas xeitos de composicións, de dicción e de interpretación. Electrolírica é o noso primeiro traballo xuntos, término que nós mesmos acuñamos para definir a nosa obra.

Nos directos Electrolírica pasa de cancións intimistas, poéticas e teatrais a desgarradoras e potentes instrumentacións, creando diferentes atmosferas ao longo do concerto. Letras e música coidadas ao máximo, cunha profunda carga interpretativa e visual.

Un traballo multimedia e interdisciplinar adicado a todas aquelas persoas que queiran disfrutar dun espectáculo ecléptico.

Os temas son gravados, mesturados e masterizados en Estudios Broño por Morqui.

## A orixe da idea:

Un poemario de Xan foi a base para a creación musical e visual deste proxecto. Comezaron a traballar xuntos coa premisa de non poñerse límites temporais nin tecnolóxicos. Ao longo de dous anos de investigación, ensaios e erros, e no marco dun estudio de gravación propio no rural palego remataron o primeiro disco. O artista visual El Señor No (Pablo j. Damonte) crea as primeiras visuais, pondo a base na que continúan traballando Xan e Morqui, cerrando o círculo dos tres preceptos básicos de Electrolírica: A palabra, a imaxe e o son. Presentan deste xeito un espectáculo propio, orixinal e inconfundible.



## Xan Solo

Actor, compositor, poeta, director e profesor de teatro e expresión corporal.

Fórmase na escola de teatro e danza Espacio Aberto ( Santiago de Compostela ) e tamén toma clases de experimentación musical en movemento, creatividade na palabra como texto, linquaxe cinematográfico, contact e danza, cabaret, voz e locución interpretativa.

Como proxecto de fin de formación crea o espectáculo "Pezas informais".

Saca un disco co mesmo nome, un traballo a medias entre a musicalidade e a teatralización dos textos, traballo que compaxina coa sua faceta de actor interpretando obras de teatro de Shann Shepard, Tennessee Williams, Samuel Beckett ou Sara Kane.

Na parte audiovisual participa como actor nos curtas "As damas negras" ou "Perversa Lola", e como director en "Rutina" e "Rutina 2", con Sandra Rellán, Mónica Rodríguez e Leo Suárez.

Tamén dirixe os videoclips da súa obra musical como Xan Solo.

No 2012 forma a banda Xan Solo Van, que quedará plasmada no disco: Un Lánquido poema arde.

Entra a dirixir a escola Municipal de teatro de Santa Comba e forma a compañía "The puntillas teatro" cos que teva escrito e dirixido 10 performance e máis de 20 obras de teatro.

Grava o seu primeiro disco en directo na sala Rinconete en Madrid: Un home, un escenario.

Publica o caderno de poemas "O tempo nun instante".

Grava o seu terceiro disco Con Carácter Local en Estudios Broño ( Negreira ) en colaboración con Justo Song Studio ( Madrid ).



## Cristina Morquillas

Dende moi pequena mostra as súas dotes para a música. Vai a clases de piano e solfeo. Máis tarde ingressa no conservatorio de Santiago de Compostela. Durante varios anos segue indo a clases particulares de piano e solfeo.

Estuda o ciclo formativo de Grao Superior de Son na Escola de Imaxe e Son de A Coruña, e realiza o módulo de Formación en Centros de Traballo na empresa de son aplicado Espiral ECSL de Madrid, traballando con grandes artistas da escena española e internacional como La Unión, Calamaro, Triki, Enrique Morente, La Niña Pastori, Los Planetas...

A partires de aquí adícase profesionalmente ao son. Traballa en importantes eventos como o Festival Internacional de Música de Galicia de 1999, Festivais como Rock no Camiño como axudante de producción, técnica de son en múltiples concertos e festivais de todo Galicia e técnica de estudio traballando cos máis destacados músicos da escena galega (Uxía Senlle, Quadi Galego, Rosa Cedrón, Daniel Sisto...).

Da clases de ciclo formativo de son en O Raio Verde e traballa na TVG dende 2001. Segue formándose como música en harmonía, composición, piano e canto.

No 2010 monta o seu propio estudio de gravación, Estudios Broño. Grava a grupos internacionais como Jef Lanç e Maru Tarango, e artistas galegos como Mini, Mero, María Manuela, Xavier Muñoz... e fai a posproducción de varios documentais. Tamén colaborar con distintos músicos, en arranjos de piano e coros así coma en producción musical.

A experiencia como técnico, e ter traballado en tódalas disciplinas desta profesión, proporcionouelle unha sólida base para desenrolar o proxecto "Electrolírica".

**Proceso de investigación e creación:**  
Deseñamos un concepto, despois atopamos xeitos para levalo á práctica.

Ese foi o "leitmotiv" deste traballo: Ideas confeccionadas intelectualmente que se foron materializando segúin evolucionamos na tecnoloxía existente; despois debullamos cada letra de cada canción para crear visuais que complementan a creación musical e poética.

Illados na aldea, traballamos buscando o máis antropolóxico dos sentimientos, musicais e poéticos.

#### **Diseño e realización da escenografía:**

Utilizando os recursos dispoñibles de cada espazo, así como o propio corpo dos artistas como lenzos, Electrolírica crea un ambiente envolvente e hipnótico, que xunto cunha coidada iluminación levaranos máis aló da pura creación musical.

#### **Estrea de Electrolírica:**

A presentación do seu primeiro traballo, do mesmo nome, foi o 25 de maio de 2016 na sala Moon de Compostela, acadando un cheo absoluto e ata superando o aforo da sala. Cunha importante difusión por parte da prensa, houbo críticas unánimes sobre a innovadora e sorprendente posta en escena así como da calidade do son e das visuais. Tamén destacaron a potencia e personalidade da interpretación no escenario. Electrolírica abre unha nova fiestra na escena musical contemporánea.

Datos de contacto:  
Tlf: +34 686148512  
electrolirica@gmail.com

Enlaces de interese:  
[www.electrolirica.eu](http://www.electrolirica.eu)  
electrolirica-YouTube  
electrolirica-Facebook

### Electrolírica nos medios:

#### LA VOZ DE GALICIA.

27 de maio de 2016

Montse García: "O dúo(...) fará esta noite a súa presentación pola porta grande do seu traballo Electrolírica, un título que mostra claramente o que se encontrará o público no seu primeiro disco: Poesía e música electrónica."

#### EL CORREO GALLEGO:

15 de febreiro de 2016

Marcos Menteira: "Irrumpe no panorama musical cun son único nestes lares."

#### CÁNTAMO EN GALLEGO. Radio Onda Cero Pontevedra.

14 de marzo de 2016

"Unha proposta moi orixinal e sorprendente."

#### RADIO NEGREIRA.

10 de marzo de 2016

Emilio Forján: "Electrolírica: Un traballo sen complexos, profesional e que destila orixinalidade."

**TVG GALICIA NOTICIAS:  
16 DE AGOSTO DE 2016**

"Pechamos este Galicia Noticias subrriadando unha actuación dentro do festival Feito a Man que se celebra en Compostela."

<http://www.crtvg.es/informativos/xan-solo-s-sctuan-en-santiago-no-feito-a-man-2287211>

**A RIENDA SUELTA, RADIO 3:  
3 DE ABRIL DE 2018**

Electrolírica é un proxecto musical palego (...) que traballa dende o compromiso e a experimentación. En ARS chamounos a atención este tandem porque a videocreación está moi presenta en tódalas súas actuacións en directo.  
<http://www.blog.rtve.es/riendasuelta/2018/04/electrolirica.html>

**ENTREVISTA EN ONDA VITAL, RADIO GALEGA.**

8 DE XUNIO DE 2016

<http://www.crtvg.es/r0/podcast/onda-vital-onda-vital-do-dia-08-06-2016-21227722>

**ENTREVISTA EN A REVISTA FIN DE SEMANA, TVG.**

18 DE XUNIO DE 2016

"Saben o que é a Electrolírica? Pois un estilo de música que mestura a electrónica coa poesía. Este é precisamente o título do disco que acaban de sacar (...). Un traballo cheo de orixinalidade, cuns sons moi evocadores e cunhas letras plenas de sensibilidade. Falamos coa parella mentres escuítamos unha das súas cancións."

<http://www.crtvg.es/informativos/o-duo-xan-solo-s-presenta-un-disco-no-que-mestura-electronica-e-poesia-2147231>





ELECTROLÍRICA